

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2021**

Ás 18.00 horas do día 17 de xuño de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 20 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º- MOCIÓN DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**3º- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**A presidenta da comisión** informa sobre a pregunta realizada en relación coas compras dunhas pezas de pedra por parte da Deputación. Engade que dende Transparencia lle indicaron que poden acceder ao expediente cando queiran, para poder velo todo.

**Don Bernardo Varela López, do BNG,** indica que estes días tivemos coñecemento de que a Xunta de Galicia fai unha retirada estratéxica da proposta de recoñecemento da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. A Deputación estaba nese asunto. Engade que parece que hai informes demoledores ao respecto sobre esta posibilidade, e desexan saber a posición da Deputación Provincial ao respecto e se se vai reformular ou se vai desistir desa proposta.

**A presidenta da comisión** indica que lle contestarán na seguinte comisión.

**Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista,** sinala que os concellos teñen dificultades para realizar este verán eventos culturais, debido aos gastos extraordinarios que se derivan dos decretos da Xunta para realizar actividades. Pregunta se se está estudando crear un crédito extraordinario para os gastos que ocasiona facer cultura en época Covid, persoal de apoio, cadeiras, control de acceso, etcétera.

**A presidenta da comisión** indica que fará a consulta e responderá na seguinte comisión.

E, ás 18.03 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

